



Ola, son **Andrés Martínez Lage** e o 23 de marzo de 2012 estarei na Biblioteca Central Rialeda para falar sobre **“O xardín de Mendel”** nesta sinxela guía podes consultar algúns libros que a biblioteca seleccionou para ti relacionados con esta charla científica.



“Mendel: el señor de los guisantes”, de Sergi Aguilar Este libro lévanos directamente ao tema que nos interesa: a xenética, a parte da bioloxía que se ocupa de estudar o que ten que ver coa transmisión das características que compoñen os seres vivos. E por suposto, Mendel, que formulou tres leis que pasaron á historia e nos permiten saber como vai ser a descendencia antes de que naza.



“Atlas básico de biología”, de José Tola Moi interesante libro que nos presenta os principais temas das ciencias da vida. Interésannos especialmente os capítulos “Evolución y genética” y “Herencia y genética. Sabías que os seres humanos temos 46 cromosomas, unha roseira 56 e un nenúfar 112? Sabías que foron James Watson e Francis Crick quen descubriron en 1953 a estrutura en dobre hélice do ADN?



“As marcas dos animais” de Geneviève De Becker e “Simios”, de Martin Jenkins Divertido libro que fala das curiosas marcas dos animais, caprichos da xenética que nos superan en moitos “deportes”: O canguro pode saltar máis de 13 metros, o guepardo pode acadar os 110 km/h en carreira, o puma é o rei do salto de altura sen impulso: pode dar un brinco de 7 metros... “Simios” fálanos de 4 dos 5 tipos de grandes simios do mundo: orangutáns, chimpancés, bonobos e gorilas, diferentes entre si, pero non tanto.




“Una universidad para los niños: ocho científicos explican a los niños los grandes enigmas del mundo: 2º e 3º curso” de Ulrich Janssen Outros 16 “enigmas” ou preguntas moi interesantes repostadas por especialistas en cada unha das materias. Unha destas cuestións é ¿Por qué no es bueno clonar a los seres humanos? Sabías que a primeira clonación de laboratorio foi realizada por un biólogo alemán en 1892 ao axitar un embrión de ourizo de mar ata que se dividiu en dous?




“La impronta humana: la carrera por desentrañar los secretos de nuestro código genético” de Robert Shapiro

O Proxecto *Xenoma Humano* é a aventura científica máis complexa e transcendental desde o Proxecto Apolo. Coñecer o noso código xenético axudarános a vencer un montón de enfermidades e minimizar o impacto doutras novas. Mais pode plantear serios e inquietantes dilemas éticos: o recoñecemento xenético das empresas aos seus posibles traballadores/as, a declaración de determinados parámetros xenéticos como “desexables” ou “indesexables”...




“La historia de la vida y el hombre”, de Alfonso Esquivel

Este libro ten dúas partes: na primeira, a formación da Terra, a aparición da vida sobre o noso planeta, a vida en terra firme e o planeta dos mamíferos. Na segunda, a historia da humanidade como colectivo, como civilización que ocupa territorios, que xera ideas, que se organiza en sociedades, que crea arte, ciencia, que pelexa, que viaxa e imaxina outros mundos.



“El genoma para peatones” de Antonio López Campillo

Ensaio de divulgación sobre a clave da vida: o xenoma. As investigacións sobre o xenoma non deixan de inquietar xa que indagan no máis íntimo do ser humano, na súa orixe, formación e estrutura. Para uns/unhas o seu coñecemento será case a salvación do ser humano, para outros/as pode conducir á desaparición da privacidade de homes e mulleres. É dicir, esperanzas e temores a un tempo.



“De Darwin ao ADN” e “Sobre clons e xenos: ensaios sobre as implicacións sociais da Bioloxía” de Daniel Soutullo

Dous libros que analizan as derivadas sociais e éticas das investigacións xenéticas: uso e abuso da clonación humana, secuenciación do xenoma e intereses económicos, nais-avoas e falacia naturalista, darwinismo e repercusións sociais, etc.